



Esteban Valverde realizou os seus estudos de clarinete no “Conservatorio Superior de Música de Vigo” co profesor Francisco Pérez, onde rematou con “Primeira Mención de Honra”.

Perfeccionou os seus estudos de clarinete con Alois Brandhofer no Mozarteum de Salzburgo.

Foi profesor de clarinete en diferentes conservatorios de Galicia (Pontevedra, Ourense e Vigo). Foi profesor de clarinete e director do Conservatorio Profesional de Vigo

entre os anos 2003 e 2015. Foi asesor para temas relacionados coa música da “Consellería de Educación” de Galicia entre o ano 2008 e o 2011.

Dende 2015 é director e catedrático de clarinete no “Conservatorio Superior de Música de Vigo”.

Esteban Valverde foi clarinete da Xove Orquestra de Galicia.

Ten actuado con diferentes orquestras en España como a Orquestra Sinfónica de Málaga e a Orquestra de “Ciudad de Barcelona”.

Ten actuado e impartido clase de clarinete en distintos países europeos (Albania, Austria, Bosnia e Herzegovina, Estonia, Italia, Lituania, Montenegro, Noruega, Polonia, Portugal, Serbia e Ucraína) e asiáticos (China e Kazajistán).

É doutor en Didácticas Especiais pola Universidade de Vigo.

É profesor “honoris causa” pola Academia Nacional de Música da Ucraína (Kyiv).

Esteban Valverde toca con clarinetes Selmer Muse.